

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción denominado Senda na AC-404, treito A Ponte-Santa Cataliña, puntos quilométricos (p.q.) 1+880-2+330, de clave AC/19/004.06, no concello de Santa Comba.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas e as alegacións formuladas no trámite de información pública, ditou o 28 de xaneiro de 2022 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción denominado Senda na AC-404, treito A Ponte-Santa Cataliña, puntos quilométricos (p.q.) 1+880-2+330, de clave AC/19/004.06.

Antecedentes de feito.

Primeiro. O artigo 6.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o artigo 12.2 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, determinan que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Segundo. A actuación prevista no proxecto comprende a creación dun itinerario peonil na marxe dereita da AC-404, na contorna da Ponte a Santa Cataliña (p.q. 1+880 e 2+330), coa finalidade de unir entre si as beirarrúas existentes nos treitos anterior e posterior e conseguir un treito continuo. A senda terá un largo de 1,80 m, unha lonxitude de 450 m e irá separada da calzada por un bordo de 22×18 cm e unha gabiá de segurancia de 1,20 m.



Terceiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 214, do 8 de novembro de 2021, publicouse o Anuncio do 21 de outubro de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o citado proxecto para os efectos do establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo citado proxecto, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto do 26 de abril de 1957.

Cuarto. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública formularon alegacións as persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que foi notificado ás administracións a que deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

Segundo. O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que, transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, se dará resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante porase á disposición das persoas interesadas e notificarase ás administracións ás cales se dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte.



No seu número 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que, logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente.

Terceiro. De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais en que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Santa Comba deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

Cuarto. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e após os informes e certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto de construción denominado Senda na AC-404, treito A Ponte-Santa Cataliña, puntos quilométricos (p.q.)



1+880-2+330, de clave AC/19/004.06, sen modificacións relativas ao trazado sometido a información pública. Non obstante, procederase a modificar o proxecto construtivo nas seguintes cuestións:

- Corrixirase a cualificación urbanística que figura no proxecto da parcela de referencia catastral 4353418NH1645S0001WT (numerada como núm. 3 no plano de expropiacións), de forma que esta pase a ser solo urbano. En consecuencia, revisárase a actualizárase a valoración das expropiacións.

Segundo. Aprobar o proxecto de construción denominado Senda na AC-404, treito A Ponte-Santa Cataliña, puntos quilométricos (p.q.) 1+880-2+330, de clave AC/19/004.06, nos termos indicados no número anterior.

Terceiro. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Santa Comba deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

